



A presidenta do Parlamento ultima unha proposta para retirar vehículos oficiais, que quedarán ao servizo da Cámara

- **Pilar Rojo trasladará a iniciativa á reunión da Mesa da Cámara prevista para este martes**
- **A proposta afonda na política de racionalización do parque móbil do Parlamento, iniciada ao comezo do actual mandato, cando Rojo Noguera renunciou a contratar a dous condutores eventuais para a Presidencia, en contra do que acontecera na anterior lexislatura**

Santiago, 19 de setembro de 2011.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, trasladará mañá aos membros da Mesa da Cámara unha proposta para reorganizar o funcionamento do parque móbil da institución e retirar a asignación individual de vehículos e condutores, agás o da Presidencia, de xeito que, a partir de agora, estes recursos quedan a disposición do conxunto da institución para atender actividades institucionais de carácter representativo e incidencias. A proposta xa foi comentada aos grupos parlamentarios.

Para a prestación deste servizo terán preferencia, por este orde, os membros da Mesa do Parlamento, na súa condición, os grupos parlamentarios e o persoal ao servizo da Administración parlamentaria.

Afondar na racionalización

Esta proposta dá continuidade á política de racionalización do parque móbil do Parlamento iniciado por Pilar Rojo ao inicio da actual Lexislatura. Daquela, Rojo Noguera renunciou a



contratar dous condutores eventuais, como persoal de confianza, para atender os desprazamentos da Presidencia do Parlamento, como acontecera no anterior mandato.

Pilar Rojo entendeu que os seus desprazamentos oficiais se podían cubrir perfectamente co persoal funcionario do parque móbil, sen necesidade de novas contratacións.

Traxectoria de austeridade

O Parlamento de Galicia recorda, ao mesmo tempo, que a aposta pola austeridade é unha constante desde o comezo da actual lexislatura, como quedou acreditado con medidas como o Plan de austeridade que permitiu recortar o gasto en 1,7 millóns de euros xa en 2009; a eliminación das cestas de Nadal, destinando ese aforro a comedores sociais; ou a redución dos salarios, cifrada nun 15% para a presidenta do Parlamento, un 12% para os membros da Mesa e portavoces dos grupos parlamentarios, do 10% para o resto dos deputados e do 5% para o persoal da institución.

Tras os recortes efectuados, o presuposto do Parlamento de Galicia de 2011 é semellante ao do exercicio de 2006.

Pilar Rojo continuará afondando na política de recorte do gasto do Parlamento, como é a súa obriga, e así o recollerá o proxecto de orzamentos da Cámara galega para o exercicio de 2012.

Saúdos, Gabinete de Comunicación